

EXERCICIOS RESOLTOS 4º ESO. SEMANA DO 14-17 DE ABRIL

1ª SESIÓN

1.-

O léxico referido ao carácter do protagonista é: afable e conversador (l. 2), orgullo (l. 3), dignidade e mesura (l. 5), dozura e cortesía (l. 8), pundonor (a forma normativa é dignidade) e xentileza (l. 9) e dignidade (l. 13).

– **Apoucado**: Persoa que ten pouco ánimo ou valor para emprender unha cousa ou para enfrontarse a perigos ou dificultades.

– **Churrusqueiro**: Persoa que é graciosa e ocorrente e mais que resulta agradable e simpática.

– (Ser un) **Cara lavada**: Persoa atrevida e desvergonzada que fai mal e anda como se non pasase nada.

– **Bulebule**: Persoa que non para quieta, que anda sempre dun lado para outro.

3._

As unidades que desempeñan os CC son:

– en Lugo (l. 1): frase preposicional.

– por unha reixa (l. 6): frase preposicional.

– con tanta dozura (l. 8): frase preposicional.

– á noite (l. 9): frase preposicional.

4.

Os suplementos están subliñados:

– Informouno da noticia do xornal.

– O seu irmán sempre fala do seu futuro profesional.

– O goberno informa do seguimento da folga ás doce da mañá.

– Confía na súa habilidade para escalar esa rocha.

5.

– Os dous suspiraron con alivio. Eu non entendía o porqué de tanto interese. Porqué: substantivo sinónimo de ‘motivo’ ou ‘razón’.

– O que tes é un odio inmenso á mocidade porque non entendes nada. Porque: conxunción causal que introduce unha explicación.

– Non podía deixar de darlle voltas á misteriosa nota de Uxío, porque nunca pensara na posibilidade de que as nubes sufrisen cambios. Porque: conxunción causal que introduce unha explicación.

– Ninguén soubo dicirme quen eran nin por que ficaban alí durante máis dunha hora. Por que: pronome interrogativo que introduce unha oración interrogativa indirecta.

– Non teño por que explicar nada! Ti non o entenderías! Por que: preposición por e conxunción que.

6.

– Se non che importa, prefiro que quedemos mañá para ir ao cine.

– Non penses que é imposible, senón que podes conseguilo.

7.

Actividade de resposta aberta. Como apoio:

«O galego converteuse en lingua cooficial de Galicia, xunto co castelán, coa aprobación en 1981 do Estatuto de Autonomía e co fin de facer efectivo o seu uso como lingua oficial, aprobouse en 1983 a Lei de normalización lingüística. Dado que as medidas da Lei de normalización lingüística son moi xerais, en 2004 aprobouse o Plan Xeral de Normalización

da Lingua Galega, no que se recollen por sectores medidas concretas para estender o uso do galego.»

9.

As tres xeracións de poetas estudadas nesta unidade son: a Xeración do 36, a Promoción de Enlace e mais a Xeración dos 50 ou das Festas Minervais e as súas principais diferenzas son:

– **Xeración do 36:** son poetas que viviron a Guerra Civil e que reflectiron nas súas obras as súas repercusións e asemade serviron de ponte de enlace entre o galeguismo anterior á guerra e as xeracións posteriores. Foron os encargados de recuperar as tendencias da poesía de preguerra e transmitirlles aos novos autores a súa formación ideolóxica e literaria.

– **Promoción de Enlace:** son poetas, nados arredor dos anos vinte do século XX, que supuxeron un nexo de unión entre os poetas anteriores e os máis novos que os seguiron no tempo. Os primeiros textos destes escritores recrearon o clima de angustia da posguerra española e europea.

– **Xeración dos 50 ou das Festas Minervais:** son poetas que non viviron directamente a Guerra Civil, que participaron e gañaron os premios poéticos das Festas Minervais da Universidade de Santiago, e que se comprometeron cultural e politicamente coas liberdades e coa situación de Galicia. Os primeiros libros destes poetas presentan unha visión atormentada da vida que deu como resultado unha poesía de desarraigamento e de angustia; esta tendencia denominouse «Escola da Tebra», pola visión atormentada da vida que ofrecían.